

Cultura



NOVAS de GALICIA

Pousa Antelo, bo e xeneroso

Guillermo Rodríguez

A Asociación de Escritores en Língua Galega ven de ofrecerlle unha homenaxe a un dos poucos "bos e xenerosos" que quedan entee nós: Avelino Pousa Antelo.

Falar de Pousa Antelo en Galicia é falar dun profesional do ensino que sufriu nas súas propias carnes a longa noite de pedra que cantara Celso Emilio; un home que se mantivo ergueito dende os seus anos mozos fronte as vellas actitudes caciquís que aínda seguen funcionando e que non teñen permitido albiscar esa Galicia ceibe, culta e dona dos seus destinos; obxectivos que este home rexo e forte defendeu dende as Noceidades Galeguistas ás que pertenceu.

Coñecín a Pousa Antelo na década dos setenta, cando compartímo-la ilusión de rescata-lo histórico Partido Galeguista, no que el militara cando mozo. Partido que fora tildado de moderado, dereitoso, conservador, polos que aínda hoxe non saben que xa nos seus comezos, e así o mantivo sempre nos seus estatutos, este Partido reclamaba o dereito de autodeterminación para esta Terra; a coexistión de empresa no eido laboral e empresarial, amén dun ensino, sanidade e servizos sociais públicos e de calidade. Hoxe, ó parecer, son moitos os que senten nostalgia daquel legado, botando mán das súas figuras máis senlleiras para darse un barniz de credibilidade nacionalista.

Naquela tarefa Avelino puxo o mellor da súa vida; entusiasmo, experiencia, rigor. Non sempre foi entendido e tivo que pasar polo trance, para el doloroso, de ver como o P.G. se integraba en Coalición Galega: Pousa Antelo xa adiviñaba como ía rematar todo; el coñecía moitos dos que se dician nacionalistas e non eran máis que arribistas, oportunistas que buscaban acomodo nas bancadas do poder, que non renunciaban a seguir disfrutando. Aquela decisión tronzo por completo as ilusións dun home que tiña entregado a súa vida, aínda laboral e profesional, á causa que defendía o vello e histórico Partido Galeguista.

Hoxe, Avelino sofre profundamente cando ten noticias de que uns e outros tratan de saír ó foro político baixo o paraguas do P.G.

Pousa Antelo seguiu e segue aportando o mellor de seu a todas aquelas causas, empresas ou proxectos que teñan como norte a defensa, o es-



Avelino Pousa Antelo nun acto do Concello de Ponteareas, xunto a Poncho Candeira

pallamento, de Galicia, en calquera das súas manifestacións política, social, cultural, histórica. Avelino sempre está disposto a acudir alí onde sexa convocado para transmitir a súa experiencia e lembrarnos o noso pasado, con seus erros incluídos, para que non voltemos a cometelos.

A PENEIRA terá sempre a Pousa Antelo, non solo como un amigo persoal, senón como un valedor ó que acudimos coa seguridade de que, se os seus folgos llelo permiten, responde a nosa chamada. Avelino estivo connosco no Nº 0 deste Xornal; dende aquela está presente nos momentos importantes, sempre que reclamamos a súa presenza. A última vez, apenas uns meses atrás, cun traballo sobre as Moceidades Galeguistas no Suplemento Especial que publicamos co gallo dos XX Anos de A PENEIRA.

Gracias Avelino; a homenaxe que che ofreceron non é máis que unha infima parte de todo o que ti nos tes homenaxeado a todos.

Máis seccións e máis convidados centran a remodelada semana de Cine de Autor de Lugo

Volve renovada a Semana de Cine de Autor de Lugo. Preséntase este ano cun programa reforzado con máis seccións e boa presenza de convidados de renome. Luís Tosar, que traerá "O agasallo de Silvia" dentro da acabada de crear sección de cine sobre mulleres; Julio Fernández recibirá a Medalla Fonmiñá e Margarita Ledo presentará "Santa Liberdade" dentro da nova sección sobre documentais. A cita será do 18 ao 26 de setembro en Lugo.

Sete países participarán no Festival Galicreques en Compostela

Compañías de Brasil, Chile, Bulgaria, Alemaña, Bélxica e Portugal constituirán a representación internacional no Festival Galicreques, que se celebra a partir da segunda semana de outubro en Compostela. Grupos de monicreques de Galicia e do resto do Estado completan unha programación na que se poderán ver os traballos de trece compañías. Entre as presentes, destaca o grupo portugués Os Bonecos de Santo Aleixo cun espectáculo tradicional.

O Museo do Mar celebra o éxito da exposición "Até o confín do mundo"

A agardada exposición permanente do Museo do Mar, que estaba xa prevista para este verán, non verá a luz até o vindeiro ano 2005, segundo anuncio onte o director do centro, Pablo Carrera. A presentación do catálogo da actual mostra "Até o confín do mundo: diálogos entre Santiago e o mar", que leva un mes aberta, serviu para dar a coñecer as cifras de visitantes, que roldan os 2.600. Carrera apuntou que o museo sufrirá a partir de finais de setembro unha serie de obras para acondicionar as instalacións de cara a acoller a mostra permanente.

A Coruña terá un museo galego de historia da medicina

Os museos científicos coruñeses (a casa das ciencias, a casa do home e a casa dos peixes) ven ter en breve unha nova incorporación. Trátase dun centro sinóptico que pretenderá difundir a historia da medicina. O proxecto, que está deseñado pola Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia e impulsado por Francisco Vázquez, situarase na antiga sede da fundación Luís Seoane.